

Un gran marco de público acompañou a Xeira do IEM pola Estrada Real a Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 06 Agosto 2015 21:15



Máis de duascentas persoas asistiron a xeira pola antiga Estrada Real, ou camiño vello a Baiona, organizada polo Instituto de Estudos Miñoranos coa guía de Antonio Soliño, Anxo Rodríguez Lemos e Carlos Méixome. O camiño deparou pontes, cruceiros, casas, prazas e pazos, fontes, camiño e historias cargados de anécdotas con singulares protagonistas que deixaron as súas pegadas nunha paisaxe que vai mudando ao longo do tempo, as veces non con moi bo xeito.

Aprendeuse de cousas vellas que para moitos son novas, e tamén fíxose a vista en detalles que ata onte eran un punto na paisaxe sen máis, e que a partires de agora serán fitos da nosa historia con nomes e apelidos ou con personalidade propia.

Para rematar, a poesía de Ludovico Ariosto e o seu poema épico **Orlando furioso**, coa historia da bela Sabela, veciña de Baiona e a súa historia de amor, recitado na versión galega do escritor Miguel Anxo Mouriño na fermosa voz de Carmen Penin de 2 na fronteira.